

A continuación infórmase dos acordos da reunión en sesión extraordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o día 09 de xuño de 2022 na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo, que poden ser do seu interese:

- * Aprobación das solicitudes de nomeamentos e prórrogas de profesorado emérito.
 - José Luis Legido Soto
 - Jesús de Juana López
 - Manuel María Varela Lafuente
- * Aprobación do procedemento para a transformación dos contratos de profesorado Axudante Doutor a Profesorado Contratado Doutor Interino.
- * Aprobación da solicitude de prórroga da Comisión de Servizos de Dna. M^a Inmaculada Valeije Álvarez.
- * Aprobación das propostas de mestrado de formación permanente en Negocio Dixital e de mestrado de formación permanente en Auditoría e Contabilidade.
- * Aprobación da normativa de contratación de persoal investigador da Universidade de Vigo.
- * Aprobación da concesión de prórroga por razón da COVID para persoal predoutoral e posdoutoral (distinguidos/as, retención) da Universidade de Vigo.
- * Aprobación do carácter retroactivo á data de nomeamento das persoas interesadas dos acordos acadados nas sesións ordinarias do Consello de Goberno do 11 de marzo (punto 9) e 5 de abril de 2022 (punto 14).
- * Acordo para a presentación das solicitudes do Centro de Investigación Mariña (CIM), do Centro de Investigacións Biomédicas (CINBIO) e do Centro de Investigación en Tecnoloxías da Comunicación (AtlanTTic), segundo establece a Orde da Consellería de Cultura, Educación e Universidades do 26 de marzo de 2021, reguladora do procedemento de aprobación de centros e institutos de investigación do SUG.

O secretario xeral

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.